C.B. Beirasar Rosalía

O luns 11 de maio, tres xogadores do equipo Beirasar Rosalía viñeron a ensinarnos a xogar un pouco ao baloncesto. Dous eran gregos e un era de Santiago. Fixemos algunhas preguntas, como en que posición xogaban ou a que anos empezaron a xogar ao baloncesto, etc.
Logo viño un cuarto xogador que era de Estados Unidos. Despois fixemos catro grupos e en cada grupo había un xogador do Beirasar Rosalía. Fixemos uns xogos como o "cao". Cada dez minutos cambiamos de xogador. Ao final déronnos uns balóns e os firmaban ou por exemplo te firmaban nun folio ou na túa camiseta. Despedímonos e fómonos ás nosas clases.

IRENE BOTANA 6ºA

XOGOS TRADICIONAIS

O LORCHO

MARTA MORATO 6ºB

Material: un lorcho (pano ou cinto)

Fórmase unha roda de rapaces e rapazas sentados.
Detrás deles corre o que panda levando un lorcho (un pano ou un cinto), cando lle parece déixao caer detrás de calquera compañeiro.
Para despistar, pode facer que o deixa caer e non deixalo, ata que decida cal é o mellor momento para non ser descuberto nesta acción.
Se o rapaz, ao que lle deixa o lorcho detrás, non se decata de que o ten, pasa a pandar.
Se polo contrario, este descobre que ten o pano detrás súa, cólleo, érguese o máis axiña posible e corre trálo compañeiro que lle dexou o lorcho, (sobre o que pode caer algún que outro lorchazo) e se apresura a sentarse no lugar baleiro, deixado polo compañeiro que panda. Pódese estipular que dea dous ou tres voltas antes de poder sentar no lugar desocupado.
Se é pillado seguirá pandando se non o é, panda o perseguidor, repetíndose o xogo do mesmo xeito.

Fonte de información: A miña avoa

A ESTORNELA

SARA TATO 6ºC

Material: Estorela (pao delgado e cilíndrico, xeralmente de Carballo, de 20 centímetros de lonxitude e afiado nos extremos) e o palán (pao consistente de 50 centímetros).

Número de xogadores: Aínda que o habitual é xogar entre dous, poden intervir ata catro participantes (unha parella contra outra).
Así se xoga
Antes de comezar determínanse os puntos a realizar e márcase un suco trazando no chan unha raia.
Unha vez feito isto colócase a estornela no suco, dáselle un golpe forte na punta co palán e, cando salta, bátese lanzándoa o máis lonxe posible. Quen recopile máis puntos gaña.

Fonte de información: o meu avó, Cándido José Sánchez Sebio e meu tioavó Manuel Acosta (os dous de Santiago).

A GOMA

SARA GARRIDO 5ºB

Material a utilizar: Unha goma elástica

Consiste en: Poñer a goma dende os tobillos ata o lomboen distintas alturas, e superando en cada altura unha proba que consiste en pisar e saltar enriza da goma.

Fonte de información: Nai

Número de xogadores: 3 ou 4